

Boletín CAIA 29

Abril 2026



O CAIA leva ao Parlamento de Galicia a voz da infancia sobre o dereito á dixitalización

O pasado 28 de abril, os vogais do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia (CAIA) participaron nunha xornada no Parlamento de Galicia no marco da Campaña Mundial pola Educación. Durante o encontro, puxeron o foco no dereito á dixitalización, abordando cuestións clave como o acceso equitativo ás tecnoloxías, a fenda dixital e o uso seguro e responsable dos espazos dixitais.

No exercicio do seu papel como órgano consultivo, os e as representantes do CAIA escoitaron as intervencións doutros nenos, nenas e adolescentes participantes, analizando as súas achegas e preocupacións. Posteriormente, elaboraron e compartiron respostas axustadas ás cuestións expostas, contribuíndo así a un diálogo construtivo e participativo no que a infancia foi protagonista.

Esta iniciativa reforza o papel da infancia como suxeito activo na defensa dos seus dereitos e na construción de políticas públicas máis inclusivas e adaptadas ás súas realidades.



Participar tamén é un dereito para a infancia con discapacidade

Unha nova guía de UNICEF España analiza como os concellos están a incorporar —ou non— o enfoque de discapacidade nos procesos de participación infantil. Aínda que hai avances, persisten barreiras que limitan a implicación real de nenos, nenas e adolescentes con discapacidade, o que evidencia a necesidade de políticas locais máis inclusivas e adaptadas ás súas necesidades.



España presenta a Ignacio Campoy como candidato ao Comité dos Dereitos do Neno da ONU

O Goberno impulsa a candidatura de Ignacio Campoy Cervera ao Comité dos Dereitos do Neno para o período 2027-2031, co obxectivo de reforzar o compromiso internacional de España na defensa da infancia. O órgano das Nacións Unidas supervisa o cumprimento da Convención sobre os Dereitos do Neno e orienta as políticas públicas en materia de infancia a nivel global.



España continúa sen unha prestación universal por crianza mentres persiste a pobreza infantil

A Plataforma de Infancia advirte de que España segue sen implementar unha prestación universal por crianza, malia manter altos niveis de pobreza infantil. Máis de 2,7 millóns de nenos e nenas están en risco de pobreza ou exclusión social, o que evidencia a necesidade de medidas estruturais e apoio económico directo ás familias.



As prestacións sociais locais, clave para combater a pobreza infantil

Un informe de UNICEF España destaca o papel esencial dos concellos como porta de entrada ás prestacións sociais, permitindo identificar e acompañar ás familias máis vulnerables. O estudo analiza as axudas locais, as barreiras de acceso e propón melloras para aumentar o seu impacto na loita contra a pobreza infantil, especialmente a través de apoios básicos e prestacións específicas para a crianza.



A infancia en pausa en Afganistán: soños truncados polas portas pechadas da educación

O artigo relata a historia de Rahil e doutras nenas afgás ás que se lles nega o acceso á educación baixo o réxime talibán, interrompendo os seus proxectos de vida. A través destes testemuños, ponse de manifesto como miles de nenas ven paralizado o seu futuro nun país onde estudar máis alá de certa idade está prohibido, convertendo a infancia nun tempo marcado pola frustración e a incerteza.



Máis da metade da infancia xoga soa e reclama máis tempo para xogar

Un estudo revela que o 56,8% dos nenos e nenas en España xoga en solitario a diario, aínda que preferirían facelo en compañía, mentres que o 70% desexa ter máis tempo para xogar. O informe tamén sinala que moitos menores xogan principalmente na súa habitación, o que reforza o illamento, e subliña a importancia do xogo como dereito fundamental para o seu desenvolvemento social e emocional.



A mocidade rural quere quedar... pero precisa oportunidades reais para facelo

Un estudo recente sinala que a maioría da mocidade rural desexa permanecer nos seus territorios, mais enfróntase a barreiras como a falta de emprego digno, vivenda accesible, conexión dixital e espazos reais de participación. Aínda así, existe unha clara disposición a implicarse na vida local, o que evidencia a necesidade de políticas que favorezan o arraigo e a participación xuvenil no desenvolvemento rural.

Experiencias de aquí e de alá



Reto 2030": a infancia toma a palabra para construír o futuro

A Plataforma de Infancia impulsa un proceso participativo dirixido a nenos, nenas e adolescentes de 6 a 17 anos para recoller as súas propostas arredor dos retos da Agenda 2030. A iniciativa busca recoñecer á infancia como protagonista no presente, promovendo a súa participación activa na análise do seu contorno e na formulación de solucións vinculadas aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.



Intercambio europeo en Berlín para reforzar la participación infantil

Representantes del Consell Nacional dos Infantes e Adolescentes de Cataluña participaron nunha visita de estudo en Berlín no marco da EU Children's Participation Platform. O encontro permitiu compartir experiencias e boas prácticas entre países europeos, co obxectivo de fortalecer a participación real da infancia nas políticas públicas e nos espazos de decisión.

Testemuña en primeira persoa



*Eva Misu
Representante do EPIA
Concello de A Laracha*

A experiencia de formar parte do grupo do EPIA que estivo probando o cuestionario, verdade, pareceume moi entretida. A pesar de que a todos nos pareceu moi largo (inclúome), eu creo que non sobraba ningunha pregunta. Ao ser anónimo, non daba vergoña contestar ningunha pregunta, xa fora sobre situación familiar ou enfermidades mentais, que son temas delicados.

Estaba bastante ben deseñada e estruturada, e a verdade que era fácil de entender e facer, e funcionaba moi ben.

A única pega que lle poñería sería que unha das miñas compañeiras tivo que facelo dúas veces por ter control parental no móbil, porque non llo deixaba entregar.

Encántame ver que cada vez estanse a visibilizar a dar máis importancia a estes temas, que antes pasaban un pouco por alto. Tamén estou expectante polos resultados da enquisa, porque paréceme interesante saber como se sinte (de forma xeral) a infancia e adolescencia larachesa, e creo que se podería tomar moita nota dos resultados.